

ANUNCIO 1/2019 : AXENCIA DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL DO CONCELLO DE CARTELLE

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

1. **VI482A - BONO DE ALUGUEIRO SOCIAL DO PLAN REHAVITA. PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS. VI482B - PRÓRROGA DO BONO DE ALUGUER DO PLAN REHAVITA. DOGA DO 10/01/2019. PRAZO: ATA O ESGOTAMENTO DA PARTIDA ORZAMENTARIA OU O 13/02/2019.** As subvencións do Programa do bono de alugamento social están destinadas a atender con carácter urxente as seguintes unidades de convivencia:
 - a) Aquelas que precisen dunha axuda para asumir o custo do arrendamento da súa vivenda, por estaren inmersas en situacións de especial dificultade que determinaron que a persoa arrendadora interpuxese unha demanda de desafiuzamento por non pagamento das rendas.
 - b) As das vítimas de violencia de xénero que teñan dificultade para asumir o custo do arrendamento dunha vivenda e que no momento da solicitude estean residindo nun recurso de acollida dos integrados na Rede galega de acollemento para este colectivo e adscrito a unha Administración pública.
2. **VI435A - SUBVENCIÓNS PARA A ADQUISICIÓN DE VIVENDA DO PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018-2021. DOGA DO 11/01/2019. PRAZO: ATA O 31/10/2019.** Poderán beneficiarse destas axudas as persoas físicas maiores de idade que, tendo menos de 35 anos na data de presentación da correspondente solicitude, reúnan os requisitos esixidos na orde da convocatoria.
3. **VI406B - AXUDAS FINANCEIRAS DO PROGRAMA DE PRÉSTAMOS CUALIFICADOS PARA A REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS E VIVENDAS. DOGA DO 05/02/2019. PRAZO ATA O 15/10/2019.**

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

4. **TR341D - PROGRAMA I. PROMOCIÓN DO EMPREGO AUTÓNOMO.** Doga do 25/01/2019. Prazo: ata o 30/09/2019
 1. Esta orde ten por obxecto fixar as bases reguladoras e proceder á convocatoria das subvencións establecidas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria para o ano 2019 coa finalidade da promoción do emprego autónomo e a súa consolidación mediante incentivos á contratación indefinida inicial de persoas desempregadas realizada polas persoas traballadoras autónomas ou persoas profesionais con domicilio social e fiscal en Galicia.
 2. A finalidade deste programa é a concesión dunha axuda económica a aquelas persoas desempregadas que pretendan desenvolver a súa actividade empresarial ou profesional en Galicia como traballadoras autónomas ou por conta propia, para facer fronte aos distintos gastos xerados no comezo da súa actividade laboral.
 3. Ao abeiro desta orde subvencionaranse as altas na Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional que, cumprindo os requisitos e condicións establecidas nela, se formalicen desde o 1 de outubro de 2018 ata o 30 de setembro de 2019, ambos inclusive.
5. **TR349F - PROGRAMA II. AXUDAS A PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS POLA CONTRATACIÓN INDEFINIDA DE PERSOAS ASALARIADAS.** Doga do 25/01/2019. Prazo: ata o 30/09/2019 Este programa ten por obxecto fixar as bases reguladoras e convocar, para o ano 2019, os incentivos á contratación indefinida inicial de persoas desempregadas realizadas por persoas traballadoras autónomas ou persoas profesionais con domicilio social e fiscal en Galicia que cumpran os requisitos esixidos na orde da convocatoria
6. **TR807I - PROGRAMA I: FOMENTO E CONSOLIDACIÓN DO EMPREGO NAS PEQUENAS EMPRESAS (EXCEPTO PERSOAS FÍSICAS) DE NOVA CREACIÓN.** Doga do 25/01/2019. Prazo: ata o 30/07/2019. Este programa ten por obxecto fixar as bases reguladoras e a convocatoria para o ano 2019 do Programa de fomento e consolidación do emprego nas pequenas empresas de nova creación, e proceder á súa convocatoria para o ano 2019.

O programa de fomento e consolidación do emprego nas pequenas empresas de nova creación (EXCEPTO PERSOAS FÍSICAS) que cumpran os requisitos esixidos inclúe os seguintes tipos de axudas:

- a) Subvención á xeración de emprego estable. b) Subvención para formación. c) Subvención para o inicio da actividade. d) Subvención para a conciliación da vida persoal, laboral e familiar das persoas promotoras.
7. **TR340E - PROGRAMA II: AXUDAS E SUBVENCIÓNS ÁS INICIATIVAS DE EMPREGO DE BASE TECNOLÓXICA-IEBT.** Doga do 25/01/2019. Prazo: ata o 30/09/2019
 8. **TR802G – TR802J. ORDE DO 27 DE DECEMBRO DE 2018 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A ONCESIÓN, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, DAS SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPRENDAMENTO EN ECONOMÍA SOCIAL (PROGRAMA APROL-ECONOMÍA SOCIAL) E SE CONVOCAN PARA O ANO 2019.** Doga do 29/01/2019. Prazo: ata o 30/09/2019
 9. **IN414D - AXUDAS URGENTES DE TIPO SOCIAL (AUXS) PARA EVITAR OS CORTES DE SUBMINISTRACIÓN ELÉCTRICA AOS CONSUMIDORES VULNERABLES SEVEROS EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL. DOGA DO 14/02/2019. PRAZO ATA O 02/12/2019.**
 10. **IN421L - AXUDAS PARA PROXECTOS DE EQUIPAMENTOS DE APROVEITAMENTO DE ENERXÍAS RENOVABLES E PROXECTOS DE AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA NAS EMPRESAS DE PRODUCCIÓN AGRÍCOLA PRIMARIA. DOGA DO 15/02/2019. PRAZO ATA O 31/05/2019**
 11. **IN500B - AXUDAS Á VALORIZACIÓN E Á SEGUNDA TRANSFORMACIÓN DAS PEQUENAS E MEDIANAS EMPRESAS DA INDUSTRIA FORESTAL GALEGA E DO CONTRACT. DOGA DO 01/03/2019. PRAZO: ATA O 01/04/2019**
 12. **IN421O - AXUDAS PARA PROXECTOS DE ENERXÍA SOLAR FOTOVOLTAICA DIRIXIDAS A PARTICULARES. DOGA DO 05/03/2019. PRAZO: DENDE O 08/04/2019 ATA O 01/07/2019.** Os proxectos limitaranse a instalacións para a xeración de electricidade mediante paneis solares fotovoltaicos. As solicitudes serán a través das empresas colaboradoras.
 13. **IN421P - AXUDAS PARA PROXECTOS DE ENERXÍAS RENOVABLES, DE USO TÉRMICO DIRIXIDAS A PARTICULARES. DOGA DO 05/03/2019. PRAZO: DENDE O 08/04/2019 ATA O 01/07/2019.** Os proxectos limitaranse a instalacións para a xeración de enerxía térmica mediante equipamentos que utilicen biomasa como combustible, e outras instalacións de enerxías renovables que utilicen como fonte enerxética a xeotermia, aerotermia ou a solar térmica.

CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL

14. **ORDE DO 22 DE XANEIRO DE 2019 POLA QUE SE REGULA A APLICACIÓN DOS PAGAMENTOS DIRECTOS Á AGRICULTURA E Á GANDARÍA E DAS AXUDAS AO DESENVOLVEMENTO RURAL SUXEITAS AO SISTEMA INTEGRADO DE XESTIÓN E CONTROL.** Doga do 31/01/2019
15. **MR605A - ACCIÓNS SILVÍCOLAS DE PREVENCIÓN DOS DANOS CAUSADOS AOS BOSQUES POR INCENDIOS, DESASTRES NATURALS E PARA O INCREMENTO DA CAPACIDADE DE ADAPTACIÓN E DO VALOR AMBIENTAL DOS ECOSISTEMAS FORESTALS. DOGA DO 04/02/2019. PRAZO ATA O 18/03/2019.**

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

16. **BS412A - PROGRAMA DE AXUDAS ECONÓMICAS ÁS FAMILIAS PARA A ATENCIÓN DE NENOS/AS MENORES DE 12 ANOS A TRAVÉS DO PROGRAMA BONO COIDADADO. DOGA DO 08/03/2019. PRAZO: ATA O 02/09/2019**

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

17. **BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE CONCURSO PÚBLICO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURALS E RECREATIVAS CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2019. BOP DO 05/02/2019. PRAZO: ATA O 15/03/2019**

Cartelle, 12 de marzo de 2019
Asdo.: O Técnico

Miguel Angel Martínez Armada